

~
C42

IX Maratón
Atlántica

02.10
2022

~
CORUÑA
~
CORUÑA
~
CORUÑA
~
CORUÑA
~
CORUÑA

Corre co Atlántico
aos teus pés

PATROCINAN:



Coca-Cola

POWERADE

sanbrandan



Federación
Galega de
Atletismo





	ÍNDICE
INFORMACIÓN XERAL	2
CATEGORÍAS E INSCRIPCIÓN	4
SERVIZOS A PARTICIPANTES.....	7
PREMIOS E TROFEOS	10
CARREIRA 10K	12
RESPONSABILIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS	14
CONSIDERACIÓN FINAL	15

CONSIDERACIÓNS XERAIS

A organización da carreira cumprirá en todo o momento coas recomendacións establecidas para eventos e #actividades deportivas no contexto da nova normalidade provocada pola covid-19, para o que se partirá do protocolo FÍSICOVID–DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte con data de 1 de decembro de 2021 e actualizado a día de hoxe con data 10 de marzo de 2022, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo o caso, ao cumprimento das normas de prevención da covid-19.

Este regulamento poderá modificarse seguindo as indicacións das autoridades e/ou organismos competentes en materia sanitaria e deportiva polo que queda a expensas da situación sanitaria vixente na data da realización da proba.

Art. 1 - DATA

O Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo organizarán o **2 de outubro de 2022** na Coruña o **IX Maratón Atlántica Coruña42**, cunha distancia homologada de 42.195 metros, que coincidirá co **Campionato de Galicia Absoluto e de Veteranos Individual e de Clubs**, incluída no calendario nacional da RFEA. Paralelamente, realizarase **unha proba de 10 km**.

A proba, incluída no calendario oficial das competicións da FGA e a RFEA, disputarase a través dun circuíto totalmente urbano.

Art. 2 - HORARIO

A proba comezará ás **8:00 a.m.**

Art. 3 – CIRCUÍTO

A proba levarase a cabo sobre a **distancia de 42.195 metros**. Tanto o **percorrido** do maratón como o da proba paralela de 10km están **medidos e homologados pola Real Federación Española de Atletismo** e discorren sobre asfalto na súa totalidade. A **ruta** estará **debidamente sinalizada e terá marcados todos os quilómetros**. A carreira realizarase unicamente pola vía de tráfico rodado en todo o seu percorrido, sen utilizar ningún espazo peonil. Está prohibido usar como zona de carreira as beirarrúas, illotes centrais, áreas axardinadas, etc., fóra das zonas peonís sinalizadas como circuíto.

O incumprimento desta regra, así como recortar o trazado oficial, pode implicar a descalificación das persoas infractoras.

O circuíto estará completamente pechado ao tráfico e acoutado con valos e outros elementos delimitadores naqueles tramos nos que non exista unha diferenciación natural polo mobiliario urbano. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os designados pola organización.

A organización poderá modificar o percorrido por causas alleas e/ou de forza maior.

ART. 4 - CONTROL TÉCNICO DA CARREIRA

A carreira estará controlada polo **Comité Nacional de Xuíces da RFEA e o Comité Galego de Xuíces da FGA**.

Art. 5 – SISTEMA DE CRONOMETRAXE

O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces e da RFEA. Todas as reclamacións se lle deberán facer verbalmente ao xuíz árbitro da proba ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

A cronometraxe realizarase mediante o **sistema de chips**. Haberá varios puntos de control de chips ao longo de todo o percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos poderán ser descalificadas coa consecuente non aparición nos resultados finais.

Art. 6 - UTILIZACIÓN DE DORSAIS E CHIPS

Os dorsais con chips integrados, persoais e intransferibles, son exclusivos desta carreira, e deben colocarse na parte frontal do corpo de maneira totalmente visible, sen obstrucións e sen manipularlo, e así se deben levar durante toda a proba.

Os dorsais contarán con un código QR, a través do cal as persoas que cheguen a meta (*finishers*) poderán consultar os seus rexistros de forma instantánea.

A organización non admitirá persoas corredoras que non estean inscritas ou que corran sen dorsal e/ou chip, e impediralles ter acceso á carreira en defensa dos dereitos daquelas regulamentariamente inscritas. Non se permitirá a participación co dorsal e o chip correspondente a outra carreira ou persoa, con máis dun dorsal e/ou chip, cun dorsal falsificado ou con outro que non sexa o oficial.

Calquera infracción destas regras implicará a descalificación das persoas afectadas na proba. A organización resérvase o dereito de excluílas da participación en futuros eventos.

Art. 7 – UTILIZACIÓN DE MEDIOS FÍSICOS NATURAIS

As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas materiais de ningún tipo, fóra das persoas corredoras en cadeira de rodas debidamente inscritas e que cumpran as normas do IPC Athletics. Calquera dúbida respecto diso deberá ser consultada coa organización antes de facer a inscrición a través do correo electrónico secretaria@atletismo.gal.

Non está permitido o acompañamento en ningún momento da proba por ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcarlles ritmos ás persoas participantes.

Ao mesmo tempo, non se permite a participación con coches ou cadeiras de bebés, nin correr acompañados destes en ningún momento, así como tampouco está permitida a participación con

animais, nin correr en compañía destes en ningún momento, fóra de **carro de atletismo ou carro de running**.

*A participación con **carro de atletismo ou carro de running** deberá estar xustificada unicamente para levar unha persoa menor de idade con discapacidade motora grave (que non lle permita á persoa discapacitada trasladarse polos seus propios medios físicos), entendendo nestes casos como participante sempre á persoa que empuxa o carro (dentro da categoría que lle corresponda), e non á persoa que vai no carro.

Igualmente, será obrigatorio acreditar a discapacidade da persoa que vai no carro, para o que se lle enviará a copia do cartón acreditativo da discapacidade á organización, de forma que quede acreditado o envío, ao correo electrónico secretaria@atletismo.gal. A inscrición desta persoa, que irá con dorsal sen chip, será gratuíta, para o que deberán contactar coa organización a través do correo electrónico secretaria@atletismo.gal.

Calquera infracción destas características poderá supor a descualificación da persoa participante.

Art. 8 - DESCUALIFICACIÓNS

Os membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba á ou ao atleta que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira, ás e aos participantes que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.

Os e as xuízas da proba terán a facultade de descualificar á persoa infractora que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou llo ceda a outra, altere os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas normas da FGA, RFEA e IAAF.

As persoas corredoras descualificadas non terán opción a premios nin trofeos.

Art. 9 - PECHE DE CONTROL DA CARREIRA

O peche da proba do Maratón terá lugar ás **13:30 horas (5 horas e 30 minutos despois da súa saída)**. Así mesmo, establecerase un tempo de **2 horas e 45 minutos para o paso polo Medio Maratón**.

Ao cumprirse este tempo, tanto para o Medio Maratón como para a distancia total, todas as persoas que aínda continúen no circuíto deberán retirarse e trasladarse á zona peonil. Consideraráselles **“fóra de carreira”** e **non figurarán nas clasificacións**.

Se deciden continuar, estar a facer baixo a súa exclusiva responsabilidade, debendo cumprir en todo momento coa normativa de tráfico e seguridade viaria.

Art. 10 - CATEGORÍAS

- **Sub 23**, nados/as en 2000, 2001 e 2002

- **Sénior**, nados/as desde 1999 ata a categoría Máster

- **Máster 1:** De 35 a 39 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 2:** De 40 a 44 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 3:** De 45 a 49 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 4:** De 50 a 54 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 5:** De 55 a 59 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 6:** De 60 a 64 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 7:** A partir de 65 anos cumpridos no día da proba
- **Atletas con discapacidade*:** nados/as en 2004 e anos anteriores

*Atletas con discapacidade: Establécense tres categorías para atletas con discapacidade:

- A) **Atletas en cadeira de rodas** que non teñan mecanismos nin engrenaxes que axuden á impulsión destas. Tan só está permitido o impulso cos brazos sobre o aro adherido á roda. **Non se permite *handbike*.**
- B) **Persoas con discapacidade visual**
- C) **Persoas con discapacidade intelectual**

No momento da inscrición deben comunicar esta circunstancia á organización. Para acreditar a pertenza a algunha destas categorías hai que enviar copia do cartón acreditativo da discapacidade á organización, de forma que quede acreditado o envío, ao correo electrónico secretaria@atletismo.gal.

As persoas participantes con discapacidade visual ou intelectual farán constar os apoios que necesitan para participar na carreira nas mellores condicións posibles. Permitirase un máximo de 2 guías para os e as atletas con discapacidade visual. O uso de guías ou, no caso de participantes con discapacidade intelectual, de atletas de apoio debe comunicárselle con antelación á Federación Galega de Atletismo, así como o punto quilométrico exacto onde se van a situar os guías das persoas corredoras con discapacidade visual para facer a substitución, podendo ser o 10, 20 ou 30.

A participación das persoas guías e das persoas de apoio, que irán sen chip, será gratuíto, para o que deberán contactar coa organización a través do correo electrónico secretaria@atletismo.gal.

Para optar a trofeo na categoría de atletas con discapacidade é necesario inscribirse nesa categoría.

Art. 11 – INSCRICIÓN E COTA

- a) A través da **pasarela de pago** inserida na páxina web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com. Estará operativa desde a publicación deste regulamento, **ata as 23.59 horas do 25 de setembro de 2022.**

Cota e prazos de inscrición:

- Prazo ordinario: ata o domingo 18 de setembro: **30 €**
- 2.º prazo extraordinario: desde o luns 19 ata o domingo 25 de setembro: **50 €**

b) Inscripción presencial: Informarase proximamente.

c) Bonificacións: 50% para maiores de 65 anos, persoas en posesión do carné xove e en situación de desemprego. Para acreditar estas circunstancias é suficiente cunha declaración responsable, que se entenderá realizada no momento en que se marque a opción “**solicito bonificación**”, **no formulario de inscrición en liña ou na folla de inscrición presencial**; e enviarlle os documentos que se detallan a continuación, á Federación Galega de Atletismo mediante un correo electrónico ao seguinte enderezo: info@carreirasgalegas.com.

- **Maiores de 65 anos:** fotocopia do DNI.
- **En posesión do Carné Xove:** fotocopia do DNI e do Carné Xove.
- **En situación de desemprego:** fotocopia do DNI e Informe de períodos de altas e baixas, expedido polo Servizo Público de Emprego (INEM) antes do día da inscrición na carreira ou fotocopia do cartón de desemprego.

O prazo para o envío de documentos por correo electrónico, finaliza ás 23:59 horas do 18 de setembro do 2022, coincidindo co fin do prazo ordinario de inscrición.

c) Inscripción gratuíta: Terán dereito á inscrición gratuíta aqueles e aquelas participantes, que finalizasen a Carreira Popular Coruña10 e o Media Maratón Coruña21, ambas as do 2022. Prazo límite para a inscrición gratuíta: 18 de setembro ás 23:59 h.

Art. 12 – DEVOLUCIÓN PARCIAL DA COTA

Só se accederá á devolución parcial da tarifa de inscrición no caso de lesión e /ou enfermidade, se se presenta un informe médico, antes do día en que se realice a proba, na Federación Galega de Atletismo (Avenida de Glasgow, 13, Edificio Federacións, 15008 A Coruña / info@carreirasgalegas.com).

O importe da devolución virá determinado pola data de presentación do informe médico:

- O 75% da cota se se presenta unha semana antes da realización da proba, ata o 25 de setembro ás 23:59 h.
- O 50% se se presenta despois desa data e ata o 1 de outubro ás 23:59 h.

Se non se envía o informe mencionado anteriormente, non se realizará ningún reembolso. Para outros casos xustificadas, a organización avaliará se se devolve a cota.

Art. 13 - ENTREGA DE DORSAIS E CAMISETAS

Poderanse recoller en Palexco (Peirao de Transatlánticos, s/n, 15003 A Coruña), durante o desenvolvemento da ExpoRunning Coruña42, nos seguintes días e horarios:

- **Venres 30** de setembro de 2022, de 17.00 a 21.30 horas
- **Sábado 1** de outubro de 2022, de 10.00 a 20.00 horas.

De maneira extraordinaria, facilitarase a recollida dos dorsais o mesmo día da carreira, domingo 2 de outubro, na zona habilitada na praza de María Pita no seguinte horario:

Domingo 2 de outubro de 2022: 7:00 a 7:30 horas

Pídeselles ás persoas participantes que procuren, na medida do posible, recoller previamente o dorsal para evitar aglomeracións.

A camiseta recollerase conxuntamente co dorsal e por estrita orde de chegada ata finalizar a existencia da talla. A organización non pode garantir a talla debido a que o pedido de camisetas se realiza con anterioridade ao peche de inscricións.

Art. 14 – SAÍDA

A saída da carreira cumprirá en todo o momento coas recomendacións establecidas para eventos e actividades deportivas no contexto da nova normalidade provocada pola covid-19, para o que se partirá do protocolo FÍSICOVID– DXT GALEGO da FGA, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo o caso, ao cumprimento das normas de prevención da covid-19 que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. En calquera caso, poderanse realizar as quendas de saída que foren necesarias e que a organización estableza.

No caso de non seren necesarias estas medidas, estableceranse caixóns de saída segundo os tempos indicados na inscrición.

Art. 15 – ASEOS, DUCHAS E GARDARROUPA

WC PORTÁTILES: Estarán a disposición aseos portátiles localizados na zona de saída, na meta e nos puntos de avituallamento do trazado de Coruña42.

DUCHAS: Especificarase a localización e horario destas.

GARDARROUPA: Especificarase a localización e horario do servizo de gardarroupa.

Art. 16 – OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Habilitaranse outros servizos complementarios, como autobús de organización, vídeo da chegada a meta, diploma, medalla de chegada á meta (*finisher*).

Haberá lebres na carreira identificadas con globo e camiseta para lles axudar ás persoas participantes a alcanzaren diferentes marcas. Informarase dos tempos a través da web oficial www.coruna.gal/carreraspopulares.

Art. 17 – AVITUALLAMENTOS E RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS

Segundo as normas da WA, instalaranse postos de auga a partir do quilómetro 5 e aproximadamente cada 5 quilómetros. Haberá postos de avituallamento sólido cada 10 quilómetros a partir do quilómetro 10 aproximadamente.

Toda a persoa participante que desexe utilizar un avituallamento propio deberá solicitarlo á organización na recollida do seu dorsal, e terá que entregalo na carpa destinada para ese efecto

ata unha hora antes da saída, debidamente pechado e marcado co seu número de dorsal e punto quilométrico no que quere atopalo.

No caso de que a persoa participante queira que o seu avituallamento persoal lle sexa entregado en man, é a súa responsabilidade designar e situar unha persoa especificamente para esta función. A dita persoa deberá estar acreditada pola organización.

Calquera avituallamento fóra da zona marcada para iso poderá supor a descualificación da carreira da persoa infractora.

Así mesmo, poranse a disposición **colectores suficientes para a recollida selectiva de residuos** e que son de uso obrigatorio, polo que a non utilización destes por parte dos e das atletas poderá supor a descualificación.

Art. 18 - SERVIZOS MÉDICOS

A proba disporá dos servizos médicos recomendados pola RFEA e de acordo coa lexislación vixente.

A organización disporá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil segundo a lexislación vixente. Todas as persoas inscritas estarán cubertas por unha póliza de seguros de accidentes segundo o Real decreto 849/1993, do 4 de xuño, que determina as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo.

Recoméndaselles a todas as persoas participantes que cubran a parte posterior do dorsal, indicando os datos de nome, apelidos, datos médicos de interese (grupo sanguíneo, alerxias, enfermidades crónicas, se está baixo algún tratamento específico, etc.) así como teléfono/s e contacto/s en caso de emerxencia.

Así mesmo, a organización disporá, na zona de meta na praza de María Pita, os servizos de **Podoloxía e Fisioterapia**, baixo unhas carpas habilitadas para tales fins.

Art. 19 - CONTROL ANTIDOPAXE

Será obrigatorio o control de dopaxe cando este sexa requirido pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte (Aepsad) ou solicitado pola organización da proba ou outros organismos competentes.

Art. 20 – CLASIFICACIONES

Realizaranse as seguintes **clasificacións no Maratón Coruña42**:

- Clasificación Xeral Absoluta
- Clasificación por Categorías Masculina e Feminina
- Clasificación Absoluta Nacionalidade Española Masculina e Feminina
- Clasificación Absoluta Galegos Masculina e Feminina
- Clasificación Absoluta Coruñeses Masculina e Feminina

Ademais, realizarase unha clasificación por cada unha das categorías Absoluta e de Veteranos do **Campionato de Galicia:**

- Individual masculina
- Individual feminina
- Clubs

As clasificacións serán publicadas unicamente en formato dixital, nas páxinas web da organización destinadas para ese efecto.

Art. 21 – RECLAMACIÓNS

Todas as reclamacións deberán realizárselle verbalmente á ou ao xuíz árbitro, situado na zona de meta, non máis tarde dos 30 minutos posteriores ao momento en que se publiquen os resultados provisionais.

Art. 22 – PREMIOS ECONÓMICOS C42

Xeral:

POSTO	PREMIO	CONDICIÓN	
		HOMES ⁽¹⁾	MULLERES ⁽²⁾
1.º	2.500 €	Realizar 2:16:00 ou menos	Realizar 2:45:00 ou menos
2.º	1.700 €	Realizar 2:16:00 ou menos	Realizar 2:45:00 ou menos
3.º	1.250 €	Realizar 2:16:00 ou menos	Realizar 2:45:00 ou menos
4.º	900 €	Realizar 2:16:00 ou menos	Realizar 2:45:00 ou menos
5.º	650 €	Realizar 2:16:00 ou menos	Realizar 2:45:00 ou menos

(1) No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:16:01 e menor ou igual a 2:24:00 aplicarase unha rebaixa do 50%.

No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:24:01 a cantidade para percibir quedaría reducida a un 25% da orixinal.

(2) No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:45:01 e menor ou igual a 2:55:00 aplicarase unha rebaixa do 50%.

No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:55:01 a cantidade para percibir quedaría reducida a un 25% da orixinal.

Atletas con nacionalidade española (premio non acumulable)⁽¹⁾:

POSTO	PREMIO	CONDICIÓN	
		HOMES ⁽¹⁾	MULLERES ⁽²⁾
1.º	1000 €	Realizar 2:16:00 ou menos	Realizar 2:45:00 ou menos
2.º	750 €	Realizar 2:16:00 ou menos	Realizar 2:45:00 ou menos
3.º	400 €	Realizar 2:16:00 ou menos	Realizar 2:45:00 ou menos

(1) Serán considerados atletas de nacionalidade española quen presenten o correspondente DNI.

(1) No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:16:01 e menor ou igual a 2:24:00 aplicarase unha rebaixa do 50%.

No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:24:01 a cantidade para percibir quedaría reducida a un 25% da orixinal.

(2) No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:45:01 e menor ou igual a 2:55:00 aplicarase unha rebaixa do 50%.

No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:55:01 a cantidade para percibir quedaría reducida a un 25% da orixinal.

Atletas galegas/os (premio non acumulable) ⁽²⁾:

POSTO	PREMIO	CONDICIÓN	
		HOMES ⁽¹⁾	MULLERES ⁽²⁾
1.º	800 €	Realizar 2:20:00 ou menos	Realizar 2:55:00 ou menos
2.º	500 €	Realizar 2:20:00 ou menos	Realizar 2:55:00 ou menos
3.º	250 €	Realizar 2:20:00 ou menos	Realizar 2:55:00 ou menos

(2) Consideraranse atletas galegas/os aquelas persoas nadas ou empadroadas nalgún dos concellos de Galicia que presenten a documentación pertinente. Para recoller os premios aos mellores galegos/as, deberán remitir o certificado de empadramento ao seguinte enderezo electrónico: secretaria@atletismo.gal.

(1) No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:20:01 e menor ou igual a 2:50:00 aplicarase unha rebaixa do 50%.

(2) No caso de que a marca conseguida sexa igual ou superior a 2:55:01 e menor ou igual a 3:05:00 aplicarase unha rebaixa do 50%.

Atletas coruñesas/es (premio non acumulable) ⁽³⁾:

POSTO	PREMIO
1.º	300 €
2.º	200 €
3.º	100 €

(3) Consideraranse atletas coruñesas/es aquelas persoas nadas ou empadroadas nalgún dos concellos de Galicia que presenten a documentación pertinente. Para recoller os premios mellorar/ coruñeses, deberán remitir o certificado de empadramento ao seguinte enderezo electrónico: secretaria@atletismo.gal.

PREMIO ESPECIAL MARCA DA PROBA (premio acumulable):

A ou o atleta que gañe a carreira e que bata a marca da proba tanto na categoría masculina (2h 12' 21'') como na feminina (2h 40' 23'') obterá un premio de 5.000 euros.

Os premios en metálico non serán acumulativos, con excepción da marca da proba. En caso de duplicidade, aboarase a contía máis alta. Para poder recoller os premios será necesario xustificar documentalmente o ano de nacemento das persoas participantes, por medio do DNI as españolas ou do documento legal en vigor (pasaporte) as estranxeiras. Todos os premios estarán suxeitos ás retencións legais vixentes.

Co obxecto de poder revisar as condicións estipuladas e atender a calquera posible reclamación, a organización resérvase a posibilidade de entregar os premios en metálico a partir do luns seguinte á data da competición. No caso de realizarse un control de dopaxe, os premios económicos quedarán retidos ata a súa resolución oficial.

Art. 23 – ENTREGA DE TROFEOS

Informarase o horario da entrega de trofeos a través da web oficial da organización.

Entregaráselles trofeo ás **tres primeiras persoas clasificadas** de cada unha das categorías indicadas no artigo 10. Ademais das tres primeiras persoas clasificadas con nacionalidade española, galego/a e coruñés/a. Os trofeos son acumulativos.

Os e as atletas deberán situarse na zona próxima á entrega de trofeos no momento en que pola megafonía se anuncie o seu comezo, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías.

Con carácter xeral, os e as atletas que non se presenten á recollida do seu trofeo no momento da entrega, perderán o dereito a recollelo. Exclusivamente poderán subir ao podio as persoas nomeadas. Non se lle entregará o trofeo a ninguén que non sexa o propio ou a propia atleta.

Agradécéselles ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que a ou o atleta non está presente que o comuniquen na zona do palco de entrega de premios canto antes para evitar esperas innecesarias.

Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberanse pór en contacto co Servizo Municipal de Deportes durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recolleitos. Se non se recollen no prazo sinalado, entenderase que renuncian a este.

Todos os artigos non especificados neste apartado están recollidos no Regulamento Xeral do Maratón Atlántica C42.

Art. 24 - SAÍDA E PERCORRIDO DA CARREIRA 10K

A carreira de 10 km compartirá percorrido co Maratón e efectuará a súa **saída ás 8:15 h**; o control cerrará ás 9:45 h.

Art. 25 - CATEGORÍAS 10K

- **Sub 20**, nadas/os en 2003 e 2004
- **Sub 23**, nados/as en 2000, 2001 e 2002

- **Sénior**, nados/as desde 1999 ata a categoría Máster
- **Máster 1**: De 35 a 39 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 2**: De 40 a 44 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 3**: De 45 a 49 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 4**: De 50 a 54 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 5**: De 55 a 59 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 6**: De 60 a 64 anos cumpridos no día da proba
- **Máster 7**: A partir de 65 anos cumpridos no día da proba
- **Atletas con discapacidade***: nados/as en 2004 e anos anteriores

*Atletas con discapacidade: establécense tres categorías para atletas con discapacidade:

- A. **Atletas en cadeira de rodas** que non teñan mecanismos nin engrenaxes que axuden á impulsión destas. Tan só está permitido o impulso cos brazos sobre o aro adherido á roda. **Non se permite *handbike*.**
- B. **Persoas con discapacidade visual**
- C. **Persoas con discapacidade intelectual**

No momento da inscrición deben comunicarlle esta circunstancia á organización. Para acreditar a pertenza a algunha destas categorías hai que enviar copia do cartón acreditativo da discapacidade á organización, de forma que quede acreditado o envío, ao correo electrónico secretaria@atletismo.gal.

As persoas participantes con discapacidade visual ou intelectual farán constar os apoios que necesitan para participaren na carreira nas mellores condicións posibles. Permitirase un máximo de 1 guía para os e as atletas con discapacidade visual. O uso de guías ou, no caso de participantes con discapacidade intelectual de atletas de apoio, debe comunicárselle con antelación á Federación Galega de Atletismo.

A participación das persoas guías e das persoas de apoio, que irán sen chip, será gratuíto, para o que deberán contactar coa organización a través do correo electrónico secretaria@atletismo.gal.

Para optar a trofeo na categoría de atletas con discapacidade é necesario inscribirse nesa categoría.

Art. 26 – INSCRICIÓN 10K

Cota e prazos de inscrición:

- Prazo ordinario: ata o domingo 18 de setembro: **6 €**
- Prazo extraordinario: desde o luns 19 ata o domingo 25 de setembro: **15 €**

Inscrición:

- a) A través da **pasarela de pago** inserida na páxina web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com. Estará operativa desde a publicación deste regulamento, **ata as 23.59 horas do 25 de setembro de 2022**.
- b) **Inscripción presencial:** Informarase proximamente.

Art. 27 – SAÍDA 10K

A saída da carreira cumprirá en todo o momento coas recomendacións establecidas para eventos e #actividades deportivas no contexto da nova normalidade provocada pola covid-19, para o que se partirá do protocolo FÍSICOVID– DXT GALEGO da FGA, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo o caso, ao cumprimento das normas de prevención da covid-19 que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. En calquera caso, poderanse realizar as quendas de saída que foren necesarias e que a organización estableza.

No caso de non seren necesarias estas medidas, estableceranse caixóns de saída segundo os tempos indicados na inscrición.

Art. 28 - AVITUALLAMENTO 10K

Instalarase un posto de avituallamento líquido aproximadamente no km 5 e tamén ao pasar a liña de meta.

Art. 29 - CLASIFICACIÓNS 10K

Realizaranse as seguintes **clasificacións na carreira de 10 quilómetros:**

- Clasificación Xeral Absoluta
- Clasificación por Categorias Masculina e Feminina

Art. 30 - ENTREGA DE TROFEOS 10K

Informarase sobre o horario da entrega de trofeos a través da web oficial da organización.

Entregaráselles trofeo ás **tres primeiras persoas clasificadas** de cada unha das categorías indicadas no artigo 25.

Os e as atletas deberán situarse na zona próxima á entrega de trofeos no momento en que pola megafonía se anuncie o seu comezo, así como estar pendentes da chamada para cada unha das categorías.

Con carácter xeral, os e as atletas que non se presenten á recollida do seu trofeo no momento da entrega, perderán o dereito a recollelo. Exclusivamente poderán subir ao podio as persoas nomeadas. Non se lle entregará o trofeo a ninguén que non sexa o propio ou a propia atleta.

Agradécésselles ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que o ou a atleta non está presente que o comuniquen na zona do palco de entrega de premios canto antes para evitar esperas innecesarias.

Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberanse pór en contacto co Servizo Municipal de Deportes durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recolleitos. Se non se recollen no prazo sinalado, entenderase que renuncian a este.

Art. 31 – RESPONSABILIDADE

A organización non se fai responsable dos danos que puidesen causar ou causarse as persoas participantes por imprudencias ou descoidos delas mesmas.

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, que se realiza o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e eximelle á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubrirá os incidentes inherentes á proba.

Art. 32 - LOPD

Todas as persoas corredoras ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, a persoa participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades.

En todo o caso, de conformidade co establecido polo artigo 5 da LOPD, infórmase de que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte de .:

- a) O ficheiro denominado INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, do que o responsable do tratamento será o Concello da Coruña, dos que as finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nelas e do uso de instalacións. Todas as persoas participantes ao realizaren a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Autorízase a tomar imaxes sempre que se utilicen para a promoción e difusión das devanditas actividades, así como á utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Pza. María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da LOPD.
- b) O ficheiro denominado ATLETAS, do que o responsable do tratamento será a Federación Galega de Atletismo, e cuxa finalidade será a relación de atletas federados/as nas competicións oficiais, elaboración de *ranking* e estatísticas.

Esta proba pertence ao calendario oficial da Federación Galega de Atletismo e da Real Federación Española de Atletismo e mediante a súa inscrición, as persoas corredoras consenten expresamente que os seus datos básicos (nome, apelidos, NIF/ NIE/pasaporte, data de nacemento, sexo e código postal de residencia), sexan enviados á Real Federación Española de Atletismo para a xestión das

licenzas de día, resultados e *ranking*. A posesión da licenza garante que a persoa corredora participa cuberta por un seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante a Federación Galega de Atletismo (Avda. Glasgow s/n. Complexo Deportivo de Elviña), nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da LOPD.

Art. 33 – COMPROMISO

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá comunicalo na web e na información ás persoas participantes.

En todo o caso, e por interese deportivo, a organización reservase o dereito de convidar as e os atletas concretos, mulleres ou homes con marcas ou traxectoria deportiva que poidan aumentar a calidade da carreira.

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerese polas normas da FGA, RFEA, WA e ICP.

As persoas inscritas comprométense a aceptar que leron, entenderon e aceptaron o cumprimento do protocolo de prevención da covid-19 desta proba e que colaborarán en todo o posible coa organización.

O protocolo será actualizado en función das restricións e limitacións vixentes no momento da realización da proba decretadas polas autoridades sanitarias competentes.

A inscrición para a participación na proba presupón a aceptación deste Regulamento e a expresa renuncia a calquera reclamación futura por causa das modificacións regulamentarias que poidan ter lugar.